




## **VII CARREIRA / ANDAINA POPULAR E SOLIDARIA AXUDA CONTRA O CANCRO 11K**

O Concello de Curtis, a través da súa Concellería de Deportes xunto coa federación galega de atletismo e coa colaboración coa Asociación de Axuda contra o Cancro, organizarán o **Domingo 10 de MAIO de 2026** a partir das 10:30 horas a [VII Carreira Solidaria de Axuda contra o Cancro](#) que conectará a localidade de Curtis coa de Teixeiro.

A proba levarase a cabo no Concello de Curtis (A Coruña) e estarán baixo o control técnico da **Federación Galega de Atletismo**. A proba estará suxeita o seguinte regulamento:

### **CURTIS - TEIXEIRO 2026**



## **REGULAMENTO:**

### **1. PARTICIPANTES:**

Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha soa clasificación conxunta.

O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

### **2. SAÍDA E META:**

Horario de saída carreira: 10:30.

Horario de saída andaina: 10:35.

**A saída** da proba será as 10:30 na localidade de Curtis, Rúa Mestre Eduardo Fariña s/n (diante do pavillón polideportivo municipal de Curtis)

**A meta** estará ubicada na localidade de Teixeira Praza de España na localidade de Teixeira.

### **3. CATEGORÍAS DE PARTICIPACIÓN:**

As categorías de competición serán as seguintes:

<b>CATEGORIA</b>	<b>ANOS DE NACEMENTO</b>
<b>Sub 20</b>	atletas nados/as no 2007 e 2008
<b>Sub 23</b>	atletas nados/as no 2004, 2005, 2006
<b>SENIOR</b>	atletas nados/as entre 1992 e 2003
<b>MASTER <u>1</u></b>	atletas nados/as entre 1986 e 1991
<b>MASTER <u>2</u></b>	atletas nados/as entre 1976 e 1985
<b>MASTER <u>3</u></b>	atletas nados/as entre 1966 e 1975
<b>MASTER <u>4</u></b>	atletas nados/as antes do 1965

### **4. DISTANCIAS E HORARIOS**

<b>HORA</b>	<b>CATEGORÍA</b>	<b>DISTANCIA</b>
<b>10:30 h</b>	<b>Sub 20, Sub 23, Senior e Máster</b>	<b>11200 m aprox</b>
<b>12:15 h</b>	<b><u>ENTREGA DE PREMIOS</u></b>	

### **5. INSCRICIÓN**

Os participantes deberán realizar a súa inscrición na páxina web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com).  
Máis información na web [www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal) con data límite o **mércores 6 de maio ás 23:59 horas**.

### **PREZOS DA INSCRICION:**

- **PROBA ABSOLUTA (de sub 20 en adiante):** 5,00 €
  - **Andaina:** 5,00€
- \* Os menores de 8 anos serán gratuitos.

O pago da inscrición poderá realizarse pola pasarela de pago da páxina [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com).

### **6. PREMIOS e AGASALLOS**

Outorgaranse os seguintes premios:

- Trofeo/ Medalla aos tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría establecida no regulamento da proba.
- Trofeo/ Medalla o/a primeiro/a clasificado/a **local** da carreira absoluta.
- Trofeo / Medalla ós/ás tres primeiros/as clasificados/as da proba absoluta
- Premio para a familia mais numerosa, para o participante de mais idade e de menor idade en participar así como os primeiros en chegar sen correr.

### **OS PREMIOS NON SERÁN ACUMULATIVOS**

### **7. RETIRADA DE DORSAIS**

Realizarase o día da proba na localidade de saída, Curtis, no polideportivo municipal de Curtis, Rúa Mestre Eduardo Fariña s/n ) de 8:30 a 10:15.

**O dorsal-chip entregado deberá levarse en toda a súa extensión, colocado na zona anterior do corpo e de xeito visible. Todo atleta que entre na meta sen o seu dorsal será descalificado.**

<https://maps.app.goo.gl/odsCcixMmgujucLm8>



## **8. SERVICIOS:**

### **8.1: SERVICIO DE AUTOBUSES:**


A organización habilitará un servizo de autobuses que trasladará aos atletas dende Praza de España en Teixeira (lugar de chegada) ata o polideportivo municipal de Curtis (Lugar de inicio), a partir das 8:30 da mañá.

Prégase que se acuda o antes posible para recoller os dorsais en tempo.

O mesmo tempo, tamén se ofrecerá este servizo o rematar a carreira/andaina no sentido contrario, é dicir de Teixeira a Curtis unha vez finalice a entrega de premios. Avisaremos por megafonía, cun horario aproximado das 13:15.

### **8.2: SERVICIO DE DUCHAS.**

Haberá servizo de duchas a disposición dos atletas no polideportivo e ximnasio municipal de Teixeira, sitos na Rúa Faragullas s/n, a 100 metros da meta.



### 8.3: SERVIZO DE GARDARROUPAS

Os participantes terán servizo de gardarroupa no lugar de saída en concreto, farase no lugar de entrega de dorsais da carreira. Este servizo estará ubicado na meta da proba o finalizar a mesma.

### 9. DESCALIFICACIONES

Todo corredor/a que incumpra as normas da competición ou as establecidas nos regulamentos **FGA** e **RFEA** en vigor referentes a probas en ruta, será descualificado a criterio do Xuíz Árbitro da Competición. **TODAS AS RECLAMACIÓNS DEBERÁN SER DIRIXIDAS O XUIZ ÁRBITRO DA COMPETICIÓN** con prazo máximo de 30 minutos despois da publicación dos resultados da proba en cuestión.

O longo do percorrido, a organización establecerá os controis que estime oportunos estando autorizados para descalificar a calquer participante que incumpra as ditas normas de competición ou que cometa algunha irregularidade atentando contra a seguridade individual ou colectiva durante a proba.

### 10. REGULAMENTO:

Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co Regulamento da FGA e RFEA en vigor.

A participación implica a total aceptación deste regulamento, e o descoñecemento do mesmo non exime do seu obrigado cumprimento.

### **11. SERVICIOS MÉDICOS:**

A carreira terá de médico en ambulancia para atender ao corredor durante o desenvolvemento da mesma. A organización recomenda a todos os participantes que se somentan a un recoñecemento médico previo á proba, aceptando todo participante o risco derivado da actividade deportiva. Igualmente, o atleta declara estar nas condicións físicas óptimas para realizar a proba e o fai baixo a súa responsabilidade.

Os servizos médicos estarán facultados para retirar ó corredor que manifeste un mal estado físico.

**12. Haberá un límite prazos,** xa que a totalidade de participantes entre carreira e andaina non poderá pasar dos 730 inscritos.

### **13. NORMATIVA COVID-19.**

Aplicarase a normativa covid-19 vixente na data de celebración da proba, feito que será comunicado previamente aos participantes mediante as páxinas web.

--

--

### **RESPONSABILIDADE**

Esta proba forma parte do calendario oficial de probas da Federación Galega de Atletismo, e polo tanto, todo o non reflectido no presente regulamento rexerase, por esta orde, polas normas da FGA, RFEA e da IAAF.

A persoa participante declara, baixo a súa responsabilidade, realizarse o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, e exime a organización da devandita responsabilidade.

A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

**LOPD** Todas as persoas corredoras ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Mediante a inscrición, o/a participante consente expresamente que os seus datos sexan utilizados polo Concello de Curtis e a Federación Galega de Atletismo para comunicacións sobre as súas actividades e publicación de reportaxes sobre a proba.

### **MAIS INFORMACION**

[www.curtis.es](http://www.curtis.es)

[www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com)

[www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal)

[www.correrengalicia.org](http://www.correrengalicia.org)

Concello de Curtis (Concellería de Deportes)  
Plaza de España, 1 Teixeiro A Coruña 15310  
Teléfono: 981 789 003